

**RIOTORTO
ANUNCIO**

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública, o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrado o día 04/06/10 transcríbese a continuación xunto coa ordenanza.

8.- ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E NENOS A CARGO, APROBACIÓN SE PROCEDE.

Por Secretaría de orde da Presidencia deuse conta o Pleno do estado do expediente instruído para a aprobación da ordenanza reguladora das axudas para o fomento da natalidade e nenos a cargo.

Vista a proposta da Alcaldía na que se sinala"

1. Que se apruebe a ordenanza reguladora das axudas para o fomento da natalidade de nenos a cargo.

2. Expoñer a citada ordenanza o público por un período de 30 días hábiles mediante anuncios insertos no BOP e no taboleiro de anuncios para a presentación de reclamacións ou suxerencias, dándose audiencia durante o citado prazo aos interesados. As reclamacións e suxerencias serán resoltas polo Pleno.

3. En caso de non presentarse reclamacións ou suxerencias entenderase aprobado o acordo ata entón provisional e en consecuencia aprobada definitivamente a ordenanza."

Considerando que o expediente consta co informe favorable de Secretaría.

Aberto o turno de deliberacións pola Presidencia polo Sr. Alcalde maniféstase "A partir do 01/01/2011 suprimece o chamado cheque bebé polo goberno do Estado. Nós con esta ordenanza pretendemos dar unha axuda por cada nacemento ou adopción."

Pola concelleira de Tega dona María Bonia Martínez Irimia maniféstase "Na ordenanza sinálanse os requisitos para a concesión das axudas. Os beneficiarios deberán de haber residido no municipio polo menos con 6 meses de antelación o de nacemento ou adopción é estar o corrente das obrigas tributarias municipais. Así mesmo deberán de empadronar o recién nacido ou adoptado neste concello e continuar residindo no mesmo de maneira efectiva durante o prazo de 5 anos desde o nacemento do fillo ou adopción. Deberán escolarizar os nenos os 2 primeiros anos. En caso de incumplimiento das obrigas procederse o reintegro da axuda. Na ordenanza establecése así mesmo a documentación a presentar para ser beneficiario da axuda. Para determinar cada axuda utilizouse o IPREM que é unha referencia de ingresos e pensamos que permite facer un reparto xusto das mesmas."

Polo concelleiro do PSOE, don José García Freije maniféstase "Penso que debía ser a axuda por igual para todos os beneficiarios, vou apoiar a ordenanza."

Pola concelleira de TEGA maniféstase: "Penso que a axuda non debe de ser igual para os que teñen máis recursos con respecto aqueles que teñen menos. Recibirán máis axuda os que teñen menos recursos, e pensamos que esto é xusto."

Polo Sr. Alcalde maniféstase "Temos claro que ningún vai ter un fillo por darrle esta axuda, pero pensamos que contribuirá a fixar a poboación en Riotorto."

Pechado o turno de deliberacións pola Presidencia a Corporación municipal por unanimidade dos seus membros presentes accordou aprobar a proposta da Alcaldía

citada. O texto da ordenanza figura na Secretaría Municipal.

"ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E NENOS A CARGO NO CONCELLO DE RIOTORTO".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O récente anuncio por parte do Goberno do Estado de supresión das axudas para fomento da natalidade, unido ó decrecimiento da taxa de natalidade das últimas décadas fan que este Concello adopte medidas que palíen na medida do posible a problemática do decrecimiento demográfico.

A diminución de nacementos pode implicar graves consecuencias, xa que de non consolidarse un aumento leve, chegará un momento no que a escasa poboación impedirá atender uns servizos públicos axeitados e dignos, por outra banda, imprescindibles nos tempos actuais.

SERIE DE POBOACIÓN DE RIOTORTO .

ANO 2002: 1.829 - ANO 2003: 1.760 - ANO 2004: 1.726 - ANO 2005: 1.669 - ANO 2006: 1.634 - ANO 2007: 1.583 - ANO 2008: 1.582 - ANO 2009: 1.522 - ANO 2010: 1.500.

Independentemente de que as competencias en tanto a ordenación territorial corresponden á Comunidade Autónoma e ao Estado, este Concello, non entanto, non pode permanecer impasible ante a situación, polo que considera oportuno establecer medidas propias de fomento da natalidade.

ARTIGO 1. Fundamento legal.

Esta ordenanza ten o seu fundamento legal nos artigos 2 e 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Régime Local.

ARTIGO 2. Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é a regulación do Régime Xurídico do outorgamento de axudas para fomento da natalidade e nenos a cargo en Riotorto.

ARTIGO 3. Beneficiarios.

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nesta ordenanza:

Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito ou familias monoparentais que teñan fillos.

Así mesmo, serán beneficiarios os adoptantes de nenos de ata seis anos.

ARTIGO 4. Requisitos para a concesión da subvención.

1. Dará lugar ao recoñecemento da subvención cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice polos beneficiarios sinalados no artigo anterior.

2. Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que resida no Concello de Riotorto con

carácter efectivo e acreditados ante o Concello polo menos 6 meses o pai ou a nai antes do nacemento do fillo ou adopción. Será documento acreditativo o certificado de empadroamento e convivencia.

3. Os beneficiarios deberán acharse ao corrente das obrigas tributarias municipais no momento da solicitude da axuda.

ARTIGO 5. Contía das axudas e procedemento.

Importe.

O Concello anualmente no seu orzamento destinará unha cantidade global a conceder por axudas á natalidade, importe que será o límite das axudas a recoñecer. Cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice será obxecto dunha axuda. A contía das axudas determinarase en función dos ingresos familiares referidos ao IPREM:

Ingresos familiares mensuales:

E a suma dos ingresos totais da unidade familiar dividido polo número de persoas que componían dita unidade familiar e dividida a cantidade resultante entre doce.

Para os efectos, ten a consideración de ingresos os rendimentos que según a Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas formen parte das bases impoñibles, xeral e de aforro.

RPC mensual da unidade familiar, referida ao IPREM (Indicador público de renta de efectos múltiples):

- Inferior ó 100% do IPREM: 1.500 € por nacemento/adopción.

- Entre o 100% e o 150% do IPREM: 1.300 € por nacemento/adopción.

- Entre ó 150% e o 200% do IPREM: 1.100 € por nacemento/adopción.

- Superior ó 200% do IPREM: 900 € por nacemento/adopción.

O Concello, no entanto o disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa a tramitación da modificación orzamentaria correspondente, poderá incrementar ou diminuir o importe global e, en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

2. Procedemento.

1. As solicitudes de axudas poderán presentaranse no Rexistro Xeral do Concello unha vez que o recentemente nacido ou o adoptado sexa empadronado en Riotorto. Ás mesmas deberán acompañarse a seguinte documentación:

- Certificado de nacemento do recentemente nado expedido polo Rexistro Civil correspondente no caso de nacementos.

- Copia da resolución xudicial no caso de adopcións.

- Certificado de empadroamento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no municipio durante

polo menos os últimos 6 meses desde o nacemento ou adopción, así como de convivencia dos beneficiarios co recentemente nado ou co adoptado.

- Copia compulsada da declaración da renda dos integrantes da unidade familiar, referida ó último exercicio ou, para o caso de non ter a obriga de presentala, certificado expedido pola AEAT.

- Certificación municipal acreditativa de acharse ao corrente das obligacións tributarias municipais.

- Conta corrente bancaria onde se efectuará o ingreso.

2. Completada a documentación, comprobaranse os datos e, no seu caso, ditarase resolución pola Alcaldía aprobando o expediente e as contías individualizadas correspondentes. O devandito acordo será notificado aos solicitantes.

3. Adoptado o acordo pola Alcaldía, abonarase aos beneficiarios o importe resultante no prazo que se estableza na propia resolución.

ARTIGO 6. Obrigas.

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- 1.- Empadronar ó recentemente nacido por primeira vez en Riotorto. En caso de adopción, o empadronamento deberá producirse no prazo dun mes a contar dende a resolución xudicial.

- 2.- Continuar residindo de maneira efectiva no Concello durante, alomenos, cinco anos dende o nacemento do fillo ou adopción.

- 3.- Escolarizar, durante, alomenos, os dous primeiros anos ó fillo polo que se lles concedeu a axuda no Colexio Público de Riotorto.

En caso de incumprimento de ditas obrigas procederá o reintegro da axuda.

ARTIGO 7. Responsabilidades.

Calquera falsidáde que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, caso de habela percibido xa, á devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

ARTIGO 8. Compatibilidades.

As axudas serán compatibles coas axudas que podan obterse dos organismos oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Provincia.

ARTIGO 9. Réxime xurídico.

A normativa que regula a concesión de axudas á natalidade é a propia ordenanza. Para o non previsto na mesma, terase presente a normativa administrativa reguladora de réxime local, na súa falta, de carácter xeral.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Terasedereito a percibir a correspondente axuda por aqueles nacementos ou adopcións que teñan lugar a partir do día 1 de xaneiro de 2011, sendo en consecuencia a ordenanza de aplicación a partir de dita data. A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Riotorto, 30 de xullo de 2010.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 04095

O SAVIÑAO*Anuncio*

O Pleno do Concello de O Saviñao na súa sesión de 23/07/2010 acordou aprobar inicialmente o orzamento do Concello para o exercicio 2010. Dacordo co disposto no artigo 169.1 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo expõe ao público por un período de 15 días aos efectos de que os interesados poidan examinalos nas oficinas municipais en horario de 09:00 a 12:00 de luns a venres e no seu caso presentar as reclamacións que se consideren oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados sen necesidade de novo acordo plenario.

O Saviñao, a 26/07/2010.- O Alcalde-Presidente, Joaquín González González.

R. 04098

Anuncio

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública o acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria d^e 07 de decembro de 2018 transcríbese a continuación xunto coa modificación da ordenanza:

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E NENOS A CARGO. PROPOSTA DE ALCALDÍA. APROBACIÓN SE PROCEDE.

Por Secretaría de orde da Presidencia, deuse lectura á proposta de alcaldía na que se sinala:

"1. Que se aprube a ordenanza reguladora das axudas para o fomento da natalidade de nenos a cargo, modificación da mesma tal como se establece na memoria de alcaldía.

2. Expoñer a citada ordenanza, modificación da misma, ao público por un período de 30 días hábiles mediante anuncios insertos no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios para a presentación de reclamacións ou suxerencias, dándose audiencia durante o citado prazo aos interesados. As reclamacións e suxerencias serán resoltas polo Pleno.

3. En caso de non presentarse reclamacións ou suxerencias entenderase aprobado o acordo ata entón provisional e en consecuencia aprobada definitivamente a ordenanza, modificación da mesma."

Considerando que no expediente consta informe favorable de Secretaría.

Preténdese modificar o artigo 4.2 que queda redactado da seguinte forma: "Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que resida no Concello con carácter efectivo e acreditados ante o Concello polo menos 6 meses o pai ou a nai antes do nacemento do fillo ou adopción. Será documento acreditativo o certificado de empadroamento e convivencia".

Sométense a votación a proposta da alcaldía.

A corporación municipal por unanimidade e en votación ordinaria dos seus membros presentes, oito dos nove que componen o Pleno, acorda aprobar a proposta de alcaldía antes citada.

ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE E NENOS A CARGO

Artigo 4.2: Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que un dos proxenitores resida no concello de Riotorto con carácter efectivo e acreditado ante o Concello no momento de inscrición do fillo no rexistro civil de Riotorto e previa presentación da solicitude. Será documento acreditativo o certificado de empadroamento e convivencia

Riotorto, 4 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0355